jueves 19 de febrero de 2015 BOP nº 34

Ir a sumario BOPPO Traducción automática a Castellano

Versión oficial firmada electrónicamente

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

EXPOSICIÓN PÚBLICA DAS DECLARACIÓNS DE BENS E ACTIVIDADES DO PERSOAL CORPORATIVO E DIRECTIVO MUNICIPAL.

O art. 75.7 da Lei 7/1985, de acordo co carácter público dos Rexistros de Intereses, establece a publicación anual das declaracións de bens e actividades dos membros corporativos e do persoal directivo municipal obrigado á súa presentación, nos termos que fixe o Estatuto municipal.

Neste sentido, o art. 30.9 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Pontevedra, fixa o momento de tal publicación no mes seguinte á finalización do prazo de presentación das modificacións a presentar con ocasión das declaracións tributarias.

Transcorrido dabondo o devandito prazo, procédese, en todo caso, a efectuar a exposición pública de tales declaracións, correspondente ao ano 2014, e nos termos establecidos polo sinalado Regulamento Orgánico.

Deste modo, exponse ao público durante os 7 días hábiles seguintes á publicación do presente anuncio, as declaracións sobre causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou podan proporcionar ingresos económicos, e as declaracións sobre bens e dereitos patrimoniais, do persoal corporativo e non corporativo deste Concello obrigado a isto.

De así estimarse, calquera cidadán que así o estime, poderá presentar solicitude de acceso nos termos do apartado 3 do art. 30 do devandito Regulamento Orgánico, que será resolta segundo tal precepto.

Pontevedra, 11 de febrero de 2015.—O Secretario Xeral do Pleno, José Luis Mato Rodríguez.

subir

NOTA INFORMATIVA: El contenido de la versión HTML de este anuncio tiene carácter meramente informativo y está disponible en esta página para comodidad del ciudadano. El anuncio con validez legal es la versión PDF firmada electrónicamente.

Descargar anuncio en pdf